

## 1.1. DENOMINACIÓN

---

### **ESTRATEGIA LOCAL DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL PARA ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO NO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)**

## 1.2. FINANCIAMENTO

---

A actuación está **cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014 - 2020**, o que esixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o *Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrégase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e o Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.*

Segundo se especifica no artigo 9 da ORDE da convocatoria de axudas, "A porcentaxe máxima de cofinanciamento por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio será do 70% do custo total da actuación proposta".

Entidade	Porcentaxe
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	70%
Concello de Vilar de Barrio	30%

## 1.3. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

---

As actuacións subvencionables están incluídas, segundo se sinala a continuación, no eixe prioritario 05 "Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos"; prioridade de investimento 05.01 "Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídos plantexamentos baseados nos ecosistemas"; obxectivo específico 05.01.01 "Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de Plans en relación coa adaptación ao Cambio Climático e a prevención de Riscos, incluíndo os sistemas de alerta preventiva, de seguimento e avaliación"; liña de actuación 60 "Redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia".

## 1.4. DESCRICIÓN

---

Redáctase a Estratexia Local Sustentable para Adaptación ao Cambio Climático no Concello de Vilar de Barrio coa finalidade de constituír un **marco de referencia para desenvolver unha política integral e coordinada en materia de mitigación e adaptación contra o cambio climático**

Varios son os factores que inflúen á hora de decidir o alcance da Estratexia e a metodoloxía para utilizar no seu desenvolvemento, podéndose citar, entre outros, a vontade política de acción, os recursos técnicos existentes, o presuposto dispoñible, o nivel de participación cidadá e o tamaño do municipio, así como diversas características territoriais, etc.

Como se insistirá ao longo deste documento, un punto de vital importancia é a participación dos interesados no proceso da formulación das opcións de adaptación.

## 1.5. OBXECTIVOS

---

A Estratexia concíbese coma un proceso continuo de xeración de coñecemento e de fortalecemento das capacidades para aplicalos por parte do Concello. Coma obxectivos iniciais plantéxanse:

1. **Coñecer os efectos** do Cambio climático (CC) no ámbito territorial do Concello.
2. **Minimizar os impactos** xerados polo CC.
3. **Xestión de riscos** asociados.
4. Identificación e **aproveitamento dos efectos positivos e oportunidades** derivadas do cambio climático.
5. Establecemento de **prioridades de actuación e concreción de esforzos**.
6. **Identificación de oportunidades** para a adaptación, é dicir, aquelas medidas xa adoptadas que contribúen á adaptación.
7. Creación de **sinerxias** entre as medidas e accións a desenvolver.
8. **Optimizar** a asignación dos **recursos dispoñibles** no Concello para a adaptación o CC.

## 1.6. RESULTADOS

---

Definiuse un modelo que contempla a definición das liñas estratéxicas principais a través de *Plans sectoriais*, o desenvolvemento destas liñas por medio de *Programas* específicos e a súa aplicación práctica mediante *medidas* detalladas que permitan a posta en marcha de actuacións encamiñadas a cumprir os obxectivos inicialmente definidos.

Na seguinte figura reflíctese o esquema conceptual adoptado:

### **PLAN DE PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ**

Programa 1.- Participación cidadá

Medida 1.- Creación dun Foro Local de Cambio Climático

Medida 2.- Promoción da implicación social no cambio climático

Programa 2.- Sensibilización cidadá



Medida 1.- Desenvolvemento de campañas de información e sensibilización

### **PLAN DE XESTIÓN DA ENERXÍA**

Programa 1.- O Concello de Vilar de Barrio e a enerxía

Medida 1.- Alumeadado público

Medida 2.- Iluminación en edificios públicos

Medida 3.- Acondicionamento térmico en edificios públicos

Medida 4.- Abastecemento de auga

Medida 5.- Depuración de augas

Programa 2.- Enerxías renovables

Medida 1.- Enerxía solar térmica

### **PLAN DE EDIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN URBANA**

Programa 1.- Programa de planificación urbana ante o cambio climático

Medida 1.- Adaptación do planeamento urbano ao cambio climático

### **PLAN DE XESTIÓN SUSTENTABLE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

Programa 1.- Contratación verde

Medida 1.- Compromiso de contratación verde

Medida 2.- Racionalización das compras

Programa 2.- Consumo sustentable

Medida 1.- Consumo responsable de enerxía

Medida 2.- Consumo responsable de auga

### **PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS**

Medida 1.- Prevención da xeración de residuos urbanos

Medida 2.- Reutilización de residuos urbanos

Medida 3.- Reciclaxe de residuos urbanos

Medida 4.- Recollida e transporte de residuos urbanos

Medida 5.- Redución das emisións de GEI na xestión dos residuos gandeiros, agrícolas e forestais

### **PLAN DE ADAPTACIÓN**

Programa 1.- Planificación estratéxica ante o cambio climático

Medida 1.- Planificación estratéxica das políticas de adaptación ao cambio climático

Programa 2.- Protección da seguridade das persoas

Medida 1.- Protección fronte as temperaturas extremas

Medida 2.- Adaptación fronte as inundación e outros fenómenos extremos



Programa 3.- Adaptación dos sistemas económicos

Medida 1.- Adaptación dos sectores produtivos primarios

Programa 4.- Adaptación dos sistemas naturais

Medida 1.- Control dos recursos hídricos

Medida 2.- Protección dos sistemas naturais e a biodiversidade

### OUTROS PLANS E PROGRAMAS

Programa 1.- Fomento dos sumidoiros de carbono

Medida 1.- Fomentar a reforestación e a forestación

Medida 2.- Favorecer a conservación dos bosques

Medida 3.- Promover prácticas de silvicultura sustentable e de elevada captación do carbono

A Estratexia foi desenvolvida coa finalidade de achegar aos técnicos, traballadores e políticos municipais suficiente información para a loita contra o cambio climático, así como de materializar a devandita estratexia en actuacións concretas.

Por outra banda, definiouse e redactouse o **Plan de Actuación Municipal fronte ao Risco por Incendios Forestais** como **parte integrante da estratexia local sustentable de adaptación para xestión do risco de que se produza un incendio forestal** e as súas posibles consecuencias negativas para as persoas, os bens e o medio ambiente, asociado á variabilidade e ao cambio climático.

Este Plan tratará de proporcionar unha base sobre a que sustentarse á hora de previr e combater os incendios que se produzan no concello, de forma que nunca se actúe de forma precipitada ou descoordinada, senón que se coñeza de antemán os medios dispoñibles dos que se dispón, e exista unha cadea de mando sólida e ben estruturada que permita sacar o máximo rendemento nas actuacións destes medios na loita contra o lume.

## 1.7. ORZAMENTO DETALLADO DO CUSTO DE ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA

O Custo de elaboración da actuación subvencionable será de

SOLUCIÓN	CANTIDADE EN LETRA		CANTIDADE EN NÚMERO	
	SIN IVE	Catro mil quinientos euros	SIN IVE	4 500, 00 €
CUSTO	IVE (21%)	Novacentos cuarenta e cinco euros	IVE (21%)	945,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>Cinco mil catrocentos cuarenta e cinco euros</b>	<b>TOTAL</b>	<b>5 445,00 €</b>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



**CONCELLO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Europeo de Desarrollo Regional